

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamen se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, a 19 de abril de 2012.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2012004414

Resolución do 19 de abril de 2012 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen no concello de VICO. (Nº EXPTE: IN407A 2012/96-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización das instalacións eléctricas que se describen:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A..
- Enderezo Social: TRAVESÍA DE VIGO, Nº 204, 36207 VIGO.
- Denominación: RETRANQUEO LMT BAL702 E GON8 ó, CT CESÁREO VÁZQUEZ-OIA.
- Situación: VIGO.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA DOBRE CIRCUITO (BAL702 E GON8O6) DE 292 METROS DE LONXITUDE CADA UN, CON ORIXE, A BAL702, NO TRAMO BAL7022393 (MOASA 2) E FINAL NO TRAMO BAL7022393 E A GON8O6 CON ORIXE NO TRAMO GON8Ü62564 E FINAL NO TRAMO GON8062562 UNIA VEZ ENTRE E SAIA DO CT PROXECTADO.- CENTRO DE TRANSFORMACIÓN SUBTERRÁNEO DE 630 KVA, R.T. 15 KV/400-230 V, SITUADO NA ZONA DA AVENIDA DE CESÁREO VÁZQUEZ, VIGO.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Ed. Administrativo Avda. Fernández Ladreda 43, 5º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamen se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, a 19 de abril de 2012.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2012004415

ADMINISTRACIÓN LOCAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

CONVOCATORIA PÚBLICA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL QUE PRESTEN AXUDA DE URXENTE NECESIDADE

PRIMEIRA- OBXECTO E FINALIDADE

1) Esta convocatoria ten por obxecto adxudicarlles subvencións ás entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra que xestionen comedores sociais e ós centros que atendan situacións de urxente necesidade.

2) A súa finalidade é colaborar economicamente con estas entidades, tanto nos gastos de mantemento coma no desenvolvemento das seguintes actividades:

- Mantemento de comedores sociais

- Axudas económicas a familias, cando non dispoñan doutros recursos sociais públicos, que dean resposta á situación de necesidade (pagamento de recibos da luz, auga, alugueres, medicamentos, axudas técnicas, axudas de atención socio-sanitaria)
- Repartición de alimentos a familias
- Oferta de servizos de hixiene, lavandería e gardarroupa
- Acompañamento a persoas que precisen de apoio familiar e social
- Catering a domicilio

SEGUNDA- BENEFICIARIOS

- Entidades ou centros que xestionen comedores sociais
- Entidades que atendan situacións de urxente necesidade (Cáritas, SOS, Banco de Alimentos) e as asociacións que orienten a súa actividade a esta finalidade
- Centros que acollan as persoas en situación de exclusión social

Deberán estar debidamente inscritos no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 291/1995, de 3 de novembro, e pola Orde de 5 de febreiro de 1996, que desenvolve a anterior.

Os beneficiarios das subvencións deberán facilitar tanta información lles requira a Deputación.

TERCEIRA: ORZAMENTO

A contía consignada para esta convocatoria ascende a 192.000 €, con cargo á aplicación 12/230.231.480.02 do orzamento provincial.

CUARTA: SOLICITUDES

1) Os centros e as entidades que desexen participar deberán presentar as súas solicitudes segundo o modelo oficial publicado nesta convocatoria, co compromiso de destinar a subvención á execución do obxectivo, proxecto ou actividade solicitada.

2) En principio só se atenderá un único proxecto por cada unha das entidades solicitantes. No caso de que se presente máis dun proxecto a Deputación reservarase o dereito de escoller o que considere máis viable; o segundo pasará a unha lista de espera e poderá ser atendido sempre e cando non se esgote o orzamento asignado a esta convocatoria, considerando os criterios establecidos na base novena da convocatoria e a data de rexistro de entrada.

3) O presidente ou representante legal do centro ou entidade legalmente acreditada asinará as solicitudes dirixidas ó presidente da Deputación de Pontevedra, que se presentarán no rexistro xeral desta institución ou en calquera dos lugares sinalados no artigo 35.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

QUINTA: DOCUMENTACIÓN

- a) Solicitud para entidades de iniciativa social segundo o modelo publicado.
- b) Certificado de acreditación do cargo do representante legal do centro ou entidade debidamente acreditado.
- c) Memoria do proxecto presentado pola entidade.
- d) No caso das axudas económicas ás familias, informe motivado da traballadora social da entidade solicitante logo de coordinarse coa traballadora social do concello
- e) Proxecto dentro do cal se inclúan:
 - Obxecto ou finalidade
 - Número de beneficiarios

- Orzamento detallado, asinado e selado (polo importe real da actividade que se vai realizar)
- Outras fontes de financiamento (públicas e privadas)
- Certificación bancaria
- Fotocopia compulsada do DNI do representante legal
- Fotocopia compulsada do CIF da entidade

SEXTA: PRAZO

As solicitudes presentaranse nun prazo de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta convocatoria no BOP. Se o último día coincidise en festivo prorrogárase o prazo ata o primeiro día hábil.

SÉTIMA: EMENDA DOS DEFECTOS DAS SOLICITUDES

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria requiriráselle ó interesado para que os emende no prazo máximo de dez días; se non o fai considerarase que desiste na súa petición, segundo o previsto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común.

OITAVA: COMISIÓN DE VALORACIÓN

Estará composta por:

- A deputada de Benestar Social e Muller ou persoa designada para substituíla.
- A xefa do Servizo de Acción Social e técnicos dese servizo.

NOVENA: CRITERIOS OBXECTIVOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

Fíxanse os seguintes criterios obxectivos, sobre unha puntuación máxima de 20 puntos.

- a) Para o mantemento de comedores sociais e centros, de 0 a 7 puntos, conforme a seguinte escala:
- 1) Máis de 100 usuarios = 7 puntos
 - 2) De 50 a 100 usuarios = 5 puntos
 - 3) De 10 a 49 usuarios = 3 puntos
 - 4) Menos de 10 usuarios = 1 punto
- b) As que supoñan unha continuidade de accións ou actividades de anos anteriores:
- 1) A partir de 5 anos = 5 puntos
 - 2) De 3 a 4 anos = 3 puntos
 - 3) De 1 a 2 anos = 1 punto
- c) As actividades (servizo de comedor, repartición de alimentos, gardarroupa, pagamento de recibos, axudas técnicas, axudas de atención sociosanitaria, duchas e hixiene, lavandería, acompañamento social, catering a domicilio, alfabetización, orientación laboral):
- 1) Cobertura ampla: 5 puntos, que presten máis de catro das actividades descritas.
 - 2) Cobertura media: 3 puntos, que presten de dúas a catro das actividades.
 - 3) Cobertura baixa: 1 punto, que presten polo menos unha desas actividades.
- d) Os que teñan unha maior prevalencia sobre a poboación na que actúan, conforme a seguinte escala:
- 1) De interese provincial: 3 puntos
 - 2) De interese comarcal: 2 puntos
 - 3) De interese local: 1 punto

DÉCIMA: CRITERIOS PARA DETERMINAR A CONTÍA QUE SE VAI SUBVENCIONAR

- a) O importe máximo da subvención concedida será de 6.000 €. A contía que se vai conceder estará determinada en función do número de puntos que se obteñan, segundo a base novena e será directamente proporcional ó número de puntos obtidos:
- De 4 a 9 puntos = o 80% da contía máxima
 - De 10 a 15 puntos = o 90% da contía máxima
 - Máis de 15 puntos = o 100% da contía
- b) En ningún caso se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine nesta convocatoria.

DÉCIMA PRIMEIRA: COMPATIBILIDADE

A concesión de subvencións ó amparo desta convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade, sempre que o importe global non supere o custo de mantemento do centro ou comedor social nin o das actividades para as que se solicita a subvención.

DÉCIMA SEGUNDA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Os beneficiarios da subvención deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa das actividades realizadas (asinada e selada).
- b) Facturas orixinais ou copias compulsadas polo importe da subvención ou superior.
- c) Modelo de conta xustificativa cuberto, cunha relación de gastos ata o importe do orzamento presentado ou importe superior.

O pagamento realizarase logo de que o comedor social ou centro obxecto da subvención xustifique a actividade realizada, ata o 15 de decembro deste ano, e ingresarse no número de conta bancaria que achegue a entidade.

DÉCIMA TERCEIRA: PUBLICIDADE

En toda a publicidade que se elabore deberá constar a colaboración da Deputación mediante a inclusión da súa imaxe institucional. Para iso deberán contactar coa Deputación a través do seguinte enderezo de correo: *imaxe@depo.es*.

DÉCIMA CUARTA: LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.
- Decreto 291/1995, de 3 de novembro, relativo ó rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

2012004595



SOLICITUDE PARA ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

1. DATOS DA ENTIDADE

Nome da entidade:		CIF:	
Enderezo:			
Localidade:	Provincia:	C.P.:	
e-mail:			
Tel.:	Tel ^F .:	Fax:	

2. DATOS DO REPRESENTANTE

Nome e apelidos:		DNI/NIE:	
Enderezo:			
Localidade:	Provincia:	C.P.:	
e-mail:			
Tel.:	Tel ^F .:	Fax:	

3. DATOS DA SUBVENCIÓN

Tipo de centro para o que se solicita a subvención	<input type="checkbox"/> Comedor	<input type="checkbox"/> Entidade asistencial	<input type="checkbox"/> Albergue
Imposto do gasto presupostado	<input type="text"/>		
Importe solicitado	<input type="text"/>		
A entidade de iniciativa social comprométese a destinar a subvención para executar o proxecto ou a actividade solicitada.			

Data: de 20.....	Asdo.: o solicitante
-------------------------------------	----------------------

Os seus datos serán tratados segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999 e no R. d. 1720/2007 de protección de datos de carácter persoal podendo ser incorporados ós ficheiros da Deputación de Pontevedra relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición nos termos establecidos na lei no seguinte enderezo: Avda. Montero Ríos, s/n. Para estes trámites existen formularios á súa disposición en www.depo.es

Mod. 230.037



CERTIFICADO DE ACREDITACIÓN DO CARGO

D./D.^a , con
DNI ,
como secretario/a da asociación
do Concello de

CERTIFICA

Que D./D.^a , con
DNI ,
é o presidente/a desta asociación desde o día de do ano .

E para que así conste e produza os efectos oportunos asino este certificado.

Data:

Asdo.: o secretario/a

..... de20.....

Mod. 230.036

Os seus datos serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica 15/1999 e no R.d. 1720/2007 de protección de datos de carácter persoal podendo ser incorporados ós ficheiros da Deputación de Pontevedra relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición nos termos establecidos na lei no seguinte enderezo: Avda. Montero Ríos, s/n. Para estes trámites existen formularios á súa disposición en www.depo.es

